



Ponte deume

BANDO

INDICACIÓNS PARA A REALIZACIÓN DE FOGUEIRAS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO SAN XOÁN E SAN PEDRO NO CONCELLO DE PONTEDEUME.

D. BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME

En cumprimento do establecido na lei 3/2007 de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e da lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia

FAGO SABER QUE:

Con motivo da celebración das festividades do San Xoán e do San Pedro nas tardes/noites dos días 23 a 24 e 28 a 29 de xuño respectivamente, comunícase á veciñanza de Ponte deume que aquelas persoas que vaian prender unha fogueira, deberán comunicar no Rexistro Xeral do Concello de Ponte deume, nun modelo que lles será facilitado ao efecto, e como data límite o venres 22, o coñecemento e compromiso de cumprimento das seguintes normas:

-A fogueira estará situada a unha distancia mínima de 50 metros de vivendas, vehículos, instalacións, tendidos eléctricos ou telefónicos e zonas vexetais susceptibles de seren queimadas.

-A súa dimensión non superará os 4 metros de altura e os tres de diámetro.

-Non se queimarán residuos perigosos ou tóxicos tipo: neumáticos, aceites, plásticos, envases baleiros de aerosois, etc.

-Cando se faga a fogueira sobre terreos públicos asfaltados, lousados ou pintados, deberá protexerse o pavimento cunha capa de area en toda a superficie da fogueira de alomenos 10 cm de espesor.

-Disporase no lugar dun sistema de extinción de incendios axeitado á proporción da fogueira.

-A fogueira permanecerá vixiada ata a súa total extinción, que deberá ser asegurada empapando os restos totalmente con auga.

-No caso de que se levante vento que poida dificultar a vixilancia e a extinción da fogueira, esta deberá suspenderse ou apagarse de inmediato.

-O solicitante sempre será o responsable dos danos e prexuízos que a fogueira ocasione.

NO CASO DE PROBLEMAS DEBERÁ CHAMAR AO 112.

O que se fai público para o seu coñecemento e debido cumprimento.

Ponte deume, 19 de xuño de 2018.

O Alcalde

